

Venres, 9 de abril de 2021

Núm. 66

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

Subvencións e axudas

EXTRACTO DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIONES DIRIXIDAS ÁS COOPERATIVAS AGROGANDEIRAS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA INVESTIMENTOS DURANTE O EJERCICIO 2021.

EXTRACTO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA DE 26 DE MARZO DE 2021 POLO QUE SE CONVOCAN SUBVENCIONES DIRIXIDAS ÁS COOPERATIVAS AGROGANDEIRAS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA INVESTIMENTOS DURANTE O EJERCICIO 2021

BDNS(Identif.):556118

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións:
(<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/556118>)

1. Beneficiarias/os

Poderá solicitar estas axudas calquera cooperativa agrogandeira legalmente constituída da provincia de Pontevedra.

2. Actuacións subvencionables

Subvencións para apoiar ás entidades agrogandeiras en proxectos destinados á recuperación e valoración dos recursos agrarios endóxeos de carácter agrícola e gandeiro que teñan como obxecto: a comercialización, transformación e valorización das producións, a formación técnica e innovación tecnolóxica, a posta en uso de enerxías renovables, actuacións para mellorar a calidade dos produtos, construcións, equipamentos, instalacións, reparacións en edificios e accesos os mesmos, mobiliario, e outros investimentos que sirvan para mellorar os servizos prestados aos seus socios.

As axudas para maquinaria agrícola non serán compatibles con outras axudas para o mesmo fin.

3. Lexislación aplicable

Bases de subvencións aprobadas por acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra de 26 de marzo de 2021, Bases de Execución do Orzamento Provincial do ano 2021, Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, R.D. 887/2006, que aproba o regulamento da Lei Xeral de Subvencións, Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, e demais lexislación de aplicación.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:WUUIRBSJ65XN8S4



Venres, 9 de abril de 2021

Núm. 66

4. Contía

Subvenciones para investimentos 250.000,00 €

5. Prazo de presentación

O prazo para presentar as solicitudes será de vinte (20) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO).

6. Outros datos de interese

- Solicitudes e documentación: presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>).
- Procedemento de concesión: concorrencia competitiva.
- Criterios de valoración: os establecidos na base décimo primeira da convocatoria.
- Gastos subvencionables: os necesarios para o desenvolvemento da actividade obxecto de subvención.
- Compatibilidade: compatibles con outras axudas recibidas doutros organismos (salvo nos casos de adquisición de maquinaria) sempre que non supere o custo do investimento.
- Forma de pago: transferencia.
- Forma de xustificación: a través dunha memoria explicativa, acreditación da difusión da subvención, xustificación dos gastos e presentación de facturas.
- Prazo máximo de xustificación: a actividade ou o investimento deberá estar rematada antes do 31 de decembro de 2021, e deberá xustificarse antes do 31 de marzo de 2022.

Pontevedra, 07/04/2021.

A Presidenta, M^a del Carmen Silva Rego.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:WUUIRBSJ65XN8S4

